

Escolma acta do Plenario venres 13-5-16

1- Enmenda e aprobación actas

- Apróbese a acta enmendada da Asemblea do vinte de abril.
- Tras dúas enmendas, apróbese a acta do plenario do cinco de maio.

2 - Finanzas

- Debátese sobre a viabilidade de ter un local permanente
- Aclárase que as finanzas do grupo municipal son algo completamente alleo á Marea de Vigo.
- Aclárase que as finanzas de En Marea tamén son alleas ás da Marea de Vigo.
- Decídese crear un grupo para estudar o asunto do local propio permanente.
- Quédase tamén en facer un informe de ingresos e gastos da Marea de Vigo, trimestralmente ao menos.

3 - Mesa coordinadora En Marea

- A nosa representante comunica que presentou as propostas que se aprobaron no anterior plenario. Non se obtiveron respostas concretas.
- Comunicase as circunstancias electorais e sobre a Asemblea Xeral de En Marea do 15 de Maio. Trátase a posibilidade e o xeito de que alguén fale como voceira da Marea de Vigo nesa Asemblea.

4 - Próximas eleccións

- Acórdase convocar unha asemblea para o martes 31 de maio, para tratar a participación de Marea de Vigo na campaña electoral do 26 de xuño.
- No próximo plenario falaráse da organización desta asemblea.

5 – Varios

a) Mareas en Común

- Comunicase que esta aberto o proceso de “Marea Viva”, para que se poidan facer propostas sobre: forma de goberno, primarias, código ético e organización interna de Mareas en Común. O prazo para a presentación de propostas remata o 21 de maio.

b)Intermareaal

- Fíxose un Manifesto "Que somos? - Intermareaal Sur"
- Próximas actuacións: Sanidade, Área metropolitana e tentar ampliar a Intermareaal ao norte da provincia.
- Agora estase invitando a todas as organizacións a participar na Intermareaal.